

Na actualidade, **son máis de 30 as seccións da BIEN en todos os continentes**. Desde a súa fundación, a **Rede Renda Básica** ten organizado simposios e conferencias e ten participado en multitude de actos de asociacións populares, partidos políticos, movementos sociais, sindicatos, universidades ou concellos, explicando e defendendo a proposta.

Como a **Rede Renda Básica** non dispón de ningún outro medio de financiación que o aportado polas persoas asociadas, precisamos o apoio de todas aquelas persoas que consideren que **a renda básica é unha proposta que debe defenderse e ser implementada o máis inmediatamente posible**.

**Unha proposta para principios do século XXI.**

Queres saber máis sobre a renda básica?



(RRB) [redrentabasica.org](http://redrentabasica.org)  
(BIEN) [basicincome.org](http://basicincome.org)



[rb@redrentabasica.org](mailto:rb@redrentabasica.org)



@redrentabasica



[redrentabasica](https://www.youtube.com/c/redrentabasica)



**Renda básica:**  
unha proposta  
para o século XXI



Rede  
Renda Básica  
[redrentabasica.org](http://redrentabasica.org)

# Renda básica: unha proposta para o século XXI

A **renda básica**, unha **asignación monetaria incondicional pagada a toda a poboación por parte dos poderes públicos**, “está de moda”.

Nunca se tiña falado nin escrito tanto sobre a renda básica, desde o ámbito dos partidos ó dos movementos sociais, desde a dereita á esquerda política, desde os sindicatos á cidadanía en xeral, desde EEUU e a UE a América Latina, Asia e África...

Efectivamente, **unha pantasma percorre hoxe o mundo: o da renda básica.**

As razóns da súa popularidade son varias: o fracaso continuado dos subsidios condicionados, a persistencia e o aumento da pobreza e a precariedade, así como o

incremento insultante das desigualdades sociais. Ademais, hai que engadir a convicción, compartida por cada vez más persoas, se exprese con estas palabras ou en termos parecidos, de que **sen a existencia material garantida, sen unha autonomía económica mínima, a liberdade non é posible.**

Moita xente queda sorprendida cando escoita a políticos de dereita e de esquerda defender a renda básica. “Que prodixio! A dereita e a esquerda defenden neste punto o mesmo!”. O camiño máis sinxelo para comprobar as

enormes diferenzas entre o que propón a esquerda e a dereita é analizar o seu modo de financiamento, o que á súa vez amosará que parte da poboación gaña e que parte súa implantación.

É dicir, a **renda básica**, de acordo co principio de universalidade, **recibiría toda a poboación da área xeográfica na**

**que fose introducida,** pero non todas as persoas sairían beneficiadas.

Nos proxectos de financiación a inmensa poboación

de esquerdas, mayoría da non estritamente rica melloraría as súas condicións.

Nos de dereitas, incluso sectores da poboación moi desfavorecidos empeoran as súas condicións materiais. Así que non, non é “o mesmo” o que suxire a dereita e o que propón a esquerda.

**A Rede Renda Básica foi fundada en 2001**, cando a renda básica era unha proposta case completamente descoñecida. Cando en 2002 foi recoñecida como sección oficial da entón chamada “Basic Income European Network” (actualmente, a “Basic Income Earth Network”), soamente había 5 redes estatais circunscritas a Europa.